

## O TRABALLO CON FAMILIAS NA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ



Formación organizada e coordinada pola **Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)** e impartida polo **Centro Marie Langer, Centro de desenvolvemento de saúde comunitaria**. Unha formación excepcional para a Rede Galega de Atención Temperá

### 50 HORAS DE FORMACIÓN SUPERVISADA

<b>SEMINARIO PRESENCIAL</b>	8 horas (10-14 h ; 15-19 h)	4 de marzo
<b>Actividade non presencial 3 horas</b>		
<b>SEMINARIO ONLINE</b>	3 horas (17-20 h.)	13 de marzo
<b>SEMINARIO PRESENCIAL</b>	8 horas (10-14 h ; 15-19 h)	25 de marzo
<b>Actividade non presencial 3 horas</b>		
<b>SEMINARIO ONLINE</b>	3 horas (17-20 h.)	10 de abril
<b>SEMINARIO PRESENCIAL</b>	8 horas (10-14 h ; 15-19 h)	22 de abril
<b>Actividade non presencial 3 horas</b>		
<b>SEMINARIO ONLINE</b>	3 horas (17-20 h.)	8 de maio
<b>SEMINARIO PRESENCIAL</b>	8 horas (10-14 h ; 15-19 h)	20 de maio

## **OBXECTIVOS**

- Reflexionar acerca do proceso de construción de autonomía como un proceso integral no desenvolvemento humano e a implicación do vínculo co mundo adulto.
- Traballar algunhas ferramentas para optimizar a relación coas familias dos nenos e nenas usuarias de Atención Temprá.
- Coñecer algunhas nocións básicas da concepción da Metodoloxía ProCC en relación a intervención grupal con familias.

## **CONTIDOS**

- Ter un fillo con trastorno do desenvolvemento, implicacións para a familia. O papel da familia no tratamento dun neno/a en atención temprá. O papel do profesional de atención temprá en relación á familia.
- Normalidade Suposta Saúde e malestares cotiáns do ámbito familiar. Dificultades cotiáns nas relacións familiares e a súa relación co proceso de construción de autonomía.
- Vínculo, desprendementos, duelo, autoridade e límites. Sentimentos nomeables e innomeables e a súa influencia no proceso de elaboración do duelo. O círculo vicioso da culpa.
- Claves para a intervención con familias, intervención individual e intervención grupal.
- Orientación comunitaria na intervención. Algunhas ferramentas para o traballo grupal con familias desde unha perspectiva comunitaria.

**LUGAR – Por determinar en SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

## CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

### Nº DE PRAZAS = 24

Formación gratuíta previa selección, baremación e distribución das prazas.

Prégase non concorrer se non se compren os requisitos mínimos.

### REQUISITOS MÍNIMOS PARA OPTAR Á SELECCIÓN .

- Para optar á selección os candidatos deben
  1. Estar en posesión dunha titulación de grao exigible para traballar en Atención Temperá: psicólogas, logopedas, pedagogas, mestras, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, educadoras sociais, traballadoras sociais, etc.
  2. Estar traballando na actualidade na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)
  3. Contar cunha experiencia mínima de 1 ano traballado na Rede Galega de Atención Temperá (RGAT)

### SELECCIÓN DOS CANDIDATOS

- A selección realizarase partindo dunha primeira listaxe por rigoroso orde de inscrición, seleccionando por unidade/servizo diferente de tal xeito que se consiga a participación do maior número de unidades/servizos da RGAT, ata cubrir o total de prazas.

### CERTIFICACIÓN DO CURSO

- Imprescindible unha asistencia superior ao 75% das horas presenciais

## PRAZOS

1. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA – **6 DE febreiro de 2023** – WEB DA AGAT
2. PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES – **ata o 20 de febreiro de 2023** (inclusive)
3. Solicitud a través da web da AGAT <https://atenciontemprana.com/contacto/>  
Cubrir os datos. **No apartado asunto: curso familias** e **no apartado mensaxe: SAT no que esta traballando.**
4. PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE SELECCIONADOS – **24 de febreiro**

A comprobación de requisitos, listaxes e resolucións será realizada pola comisión de formación da AGAT. Prégase compromiso en firme de asistencia, tendo en conta o carácter gratuíto e excepcional da formación.